

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

**9030** *Real decreto 696/2018, do 29 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social.*

Coa aprobación polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, e de acordo co Plan de modernización da xestión da Seguridade Social do entón Ministerio de Traballo e Seguridade Social, abordouse o desenvolvemento regulamentario da dita lei en materia de ingresos e pagamentos do sistema da Seguridade Social, e regulouse o seu circuíto financeiro. Para tal efecto, mediante o Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto, aprobouse o vixente Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social.

Transcorridas máis de dúas décadas desde a entrada en vigor do citado regulamento e tras a aprobación do actual texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que aglutinou gran parte das normas con rango de lei que incidiron nos ingresos e pagamentos do sistema da Seguridade Social, cómpre elaborar un novo regulamento xeral sobre a materia, adaptado a estes cambios producidos no ámbito da xestión de ingresos e pagamentos durante ese tempo e á actual estrutura da colaboración no ámbito financeiro, en que as entidades financeiras se configuran, practicamente, como únicos colaboradores.

Así mesmo, a Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, mediante a cal se incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 2007/64/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de novembro de 2007, incidiu nos procedementos que tramita a Tesouraría Xeral da Seguridade Social na súa condición de caixa pagadora do sistema, aínda manténdose o marco xeral de colaboración e de obrigacións e dereitos coas entidades financeiras.

Tamén debe destacarse o actual escenario de pagamentos xerado polos novos instrumentos da zona única de pagamentos en euros, denominada SEPA («Single Euro Payments Area»), e pola aprobación do Regulamento (UE) nº 260/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012, polo que se establecen requisitos técnicos e empresariais para as transferencias e os débitos domiciliados en euros, e se modifica o Regulamento (CE) nº 924/2009.

Igualmente, mediante este novo regulamento xeral da xestión financeira complétase, de forma actualizada, a regulación regulamentaria establecida noutros ámbitos da xestión da Tesouraría Xeral da Seguridade Social relacionados coa súa condición de caixa única do sistema da Seguridade Social, así como de titular do seu patrimonio único, contido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, e no Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro, sobre o patrimonio da Seguridade Social.

Desa forma flexibilízase o circuíto financeiro da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ao atribuír maiores competencias ao seu director xeral para a apertura de novas contas en función da súa finalidade, recadatoria ou de pagamento, e ao adiantar os prazos de comunicación dos importes recadados por cotas e para o envío da documentación recadatoria correspondente por parte das entidades financeiras.

Tamén se concretan as competencias que posúe o ordenador xeral de pagamentos para realizar unha xestión eficaz de tesouraría mediante a concertación para os fondos dispoñibles de operacións de adquisición de activos, poxas de liquidez, depósitos a prazos e fondos en contas tesoureiras, co obxectivo de incorporar novas alternativas de xestión ao actual depósito de fondos da Seguridade Social nas contas abertas no Banco de España.

Por outra parte, actualízanse os procedementos, as formas e os medios de pagamento no ámbito da Seguridade Social, establecendo a utilización de medios electrónicos no procedemento de pagamento das obrigacións do sistema, de conformidade co previsto nas leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e, en consonancia co programa de automatización progresiva da xestión da Seguridade Social.

Finalmente, a colaboración na xestión dos ingresos e dos pagamentos do sistema da Seguridade Social por parte das entidades financeiras, e das súas agrupacións ou asociacións, regúlase de forma máis ampla que no regulamento anterior.

A regulación contida neste regulamento permite, así mesmo, a harmonización coa normativa reguladora do procedemento de pagamentos no ámbito da Administración xeral do Estado.

De acordo con iso, este novo regulamento atense aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Así, a norma é respectuosa cos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade, xa que con ela se persegue o fin pretendido, como é o desenvolvemento das referidas previsións legais nesta materia dos ingresos e pagamentos do sistema da Seguridade Social, co obxecto de asegurar a efectiva aplicación dos cambios producidos neste ámbito e contribuír ao obxectivo de interese xeral de asegurar a efectiva aplicación das ditas previsións legais, incorporando ao texto diversos preceptos encamiñados a mellorar a calidade, a xestión e o control axeitado dos mencionados procedementos de ingresos e pagamentos, o que constitúe o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que pretende cubrir, e non se trata dunha norma restritiva de dereitos.

Así mesmo, a iniciativa é coherente co resto do ordenamento xurídico tanto nacional como da Unión Europea, os seus obxectivos encóntranse claramente definidos e non impón cargas administrativas, e cumpre os principios de seguridade xurídica e eficiencia, posto que se integra de xeito coherente co resto do ordenamento do sistema de Seguridade Social nacional e da Unión Europea e xera un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e que dá certeza tanto á Administración da Seguridade Social como ás entidades colaboradoras en relación cos procedementos de ingresos e pagamentos e demais previsións que se regulan.

Finalmente, cumpre o principio de transparencia, en canto que, conforme o previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, se levou a cabo o trámite de consulta pública previa e se someteu ao trámite de audiencia e información pública mediante a súa publicación no portal web do departamento.

O regulamento estrutúrase en cinco capítulos, o primeiro dos cales se ocupa das normas xerais en materia de xestión financeira da Seguridade Social, relativas ao obxecto e ámbito de aplicación da súa regulación, á atribución de funcións e ás normas comúns de procedemento en canto a cómputo de prazos e aplicación de medios electrónicos.

O capítulo II dedícase á determinación da estrutura do circuío financeiro da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

No capítulo III regúlanse o orzamento monetario, os movementos financeiros e as operacións de tesouraría.

Do proceso de ordenación de pagamentos das obrigacións do sistema ocúpase o capítulo IV do regulamento, en que xunto a unhas disposicións xerais sobre a materia, entre as que se inclúe, como novidade neste regulamento, a normativa reguladora da figura dos pagamentos para xustificar, se consideran as especialidades que presentan determinados pagamentos.

No capítulo V regúlanse as relacións coas entidades financeiras, como principais colaboradoras na xestión de ingresos e pagamentos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e fíxanse con máis detalle o marco desa colaboración, as súas condicións e procedementos, así como o Rexistro de Colaboradores e a protección de datos en materia de xestión financeira.

Levouse a cabo unha consulta pública co obxecto de solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola norma.

No seu proceso de tramitación, e en cumprimento do trámite de audiencia e información pública, o proxecto foi publicado no portal web do entón Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro.

Así mesmo, emitiu informe a Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co previsto no artigo 5.b) do estatuto da indicada axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Este real decreto dítase no exercicio da habilitación conferida para o efecto no artigo 5.2.a) e c) e na disposición derradeira oitava do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e de acordo coa competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social, que o artigo 149.1.17<sup>a</sup> da Constitución española atribúe ao Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2018,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social.*

Apróbase o Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, cuxo texto figura a continuación.

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto público.*

Este real decreto non implica incremento de dotacións ou retribucións, nin de gastos de persoal, nin de calquera outro gasto ao servizo do sector público. Así mesmo, non supón diminución de ingreso ningún para a Facenda pública estatal e levarase a cabo coas dispoñibilidades orzamentarias existentes.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social.

Así mesmo, quedan derogadas cantas outras disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao disposto no regulamento aprobado mediante este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase ao abeiro do título competencial establecido no artigo 149.1.17<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de xullo de 2018.

Dado en Madrid o 29 de xuño de 2018

FELIPE R.

## REGULAMENTO XERAL DA XESTIÓN FINANCEIRA DA SEGURIDADE SOCIAL

Capítulo I. Normas xerais.

Sección 1.<sup>a</sup> Obxecto, ámbito de aplicación e atribución de funcións.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

Artigo 2. Atribución de funcións.

Sección 2.<sup>a</sup> Normas comúns de procedemento.

Artigo 3. Cómputo de prazos.

Artigo 4. Aplicación de medios electrónicos. Validez e eficacia dos documentos emitidos a través deles.

Capítulo II. Circuito financeiro da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Artigo 5. Transferencias e ingresos do Estado.

Artigo 6. Ingreso das cotas da Seguridade Social e outras de recadación conxunta.

Artigo 7. Actuación das entidades financeiras en relación cos ingresos por cotas.

Artigo 8. Modificacións nos aboamentos na conta.

Artigo 9. Ingreso doutros recursos da Seguridade Social e apertura de contas restrinxidas de ingresos.

Artigo 10. Apertura de contas correntes.

Capítulo III. Orzamento monetario, movementos financeiros e operacións de tesouraría.

Artigo 11. Periodicidade do orzamento monetario.

Artigo 12. Movementos financeiros e operacións de tesouraría.

Capítulo IV. Ordenación de pagamentos.

Sección 1.<sup>a</sup> Ordenación de pagamentos do sistema.

Artigo 13. Obrigacións obxecto de pagamento.

Artigo 14. Ordenadores de pagamentos.

Artigo 15. Funcións do ordenador xeral de pagamentos.

Artigo 16. Medios de pagamento e contas pagadoras.

Artigo 17. Expedición das propostas de pagamento.

Artigo 18. Expedición das ordes e documentos de pagamento.

Artigo 19. Materialización do pagamento.

Artigo 20. Descontos e pagamentos en formalización.

Artigo 21. Pagamentos sobre anticipos de tesouraría.

Artigo 22. Pagamentos con cargo ao fondo de manobra.

Artigo 23. Pagamentos para xustificar.

Sección 2.<sup>a</sup> Especialidades de determinados pagamentos.

Artigo 24. Pagamento de prestacións da Seguridade Social.

Artigo 25. Aboamentos ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e a entidades titulares de ingresos efectuados na Tesouraría Xeral.

Artigo 26. Regularización financeira de determinados pagamentos.

Capítulo V. Relación coas entidades financeiras, Rexistro de Colaboradores e protección de datos.

Artigo 27. Colaboración na xestión financeira.

Artigo 28. Procedemento de relación.

Artigo 29. Rexistro de Colaboradores da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Artigo 30. Protección dos datos persoais.

Disposición adicional primeira. Recursos da Seguridade Social recadados por outros colaboradores na xestión recadatoria.

Disposición adicional segunda. Función interventora.

Disposición adicional terceira. Transferencias de fondos ás comunidades autónomas.

Disposición adicional cuarta. Medios de pagamento das débedas coa Seguridade Social.

Disposición derradeira única. Facultades de aplicación e desenvolvemento.

## CAPÍTULO I

### Normas xerais

#### *Sección 1.ª Obxecto, ámbito de aplicación e atribución de funcións*

##### *Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este regulamento ten por obxecto o desenvolvemento e a execución do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, en canto á xestión dos recursos financeiros do sistema da Seguridade Social, e é de aplicación ás operacións e actos relativos á xestión dos ingresos no seu circuíto financeiro e á ordenación dos pagamentos das obrigacións da Seguridade Social, así como á elaboración do orzamento monetario para satisfacer esas obrigacións e á colaboración das entidades financeiras e das súas agrupacións ou asociacións na xestión financeira da Seguridade Social.

O disposto neste regulamento non será de aplicación aos réximes especiais da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e do persoal ao servizo da Administración de xustiza, que se rexerán polas súas normas específicas.

##### *Artigo 2. Atribución de funcións.*

1. Corresponde á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, na súa condición de caixa única do sistema da Seguridade Social, a xestión de todos os recursos financeiros deste, para o cal desenvolverá as seguintes funcións:

a) A organización dos medios e o deseño e xestión dos procesos necesarios para o ingreso das cotas e demais recursos financeiros do sistema da Seguridade Social.

b) A distribución no tempo e no territorio das dispoñibilidades monetarias para satisfacer puntualmente o pagamento das obrigacións da Seguridade Social.

c) A organización e xestión do circuíto que canalice as dispoñibilidades e os movementos financeiros relativos aos recursos do sistema, conforme as necesidades de xestión da Seguridade Social.

d) A autorización da apertura de contas en entidades financeiras destinadas a situar fondos, realizar pagamentos e recibir ingresos.

e) A realización das operacións financeiras e das operacións de xestión de tesouraría, incluídas as operacións de crédito e anticipos de tesouraría que, se é o caso, sexan necesarias.

f) A elaboración do orzamento monetario, en que se incluírán, coa debida especificación, as previsións necesarias para atender o cumprimento das obrigacións do sistema.

g) A organización dos medios, así como o deseño e a xestión dos procesos relativos á ordenación e ao pagamento das obrigacións da Seguridade Social.

h) A realización de cantas outras funcións de natureza análoga lle sexan encomendadas polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

2. Así mesmo, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social exercerá as funcións especificadas no número anterior en relación coas cotas de recadación conxunta e cos ingresos e pagamentos alleos ao sistema da Seguridade Social cuxa xestión se lle encomende mediante norma ou pacto para o efecto.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social desenvolverá as funcións a que se refire este artigo baixo a dirección, vixilancia e tutela do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social e con suxeición ás normas contidas neste regulamento e nas disposicións para a súa aplicación e desenvolvemento.

## *Sección 2.ª Normas comúns de procedemento*

### *Artigo 3. Cómputo de prazos.*

1. Para efectos do cómputo dos prazos establecidos neste regulamento en materia de pagamento de obrigacións, comunicacións bancarias e cargos e aboamentos por parte das entidades financeiras, entenderanse por días hábiles aqueles que resulten do calendario do sistema automatizado transeuropeo de transferencia urxente para a liquidación bruta en tempo real (TARGET2) ou daquel que se aplique en cada momento ao sistema bancario, con exclusión dos días que resulten festivos na cidade de Madrid.

O dito calendario aplicarase, igualmente, para o cómputo do prazo establecido no artigo 12.1, para os efectos da compensación ás entidades financeiras e ás súas agrupacións ou asociacións pola súa colaboración na xestión recadatoria e de pagamentos da Seguridade Social.

2. Para efectos do cumprimento dos prazos que nos artigos 7 e 24 se fixan en días naturais, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con carácter excepcional e logo de comunicación ás entidades financeiras e ás súas agrupacións ou asociacións colaboradoras, poderá ordenar a realización de operacións en días inhábiles.

### *Artigo 4. Aplicación de medios electrónicos. Validez e eficacia dos documentos emitidos a través deles.*

1. As actuacións relativas ao pagamento das obrigacións da Seguridade Social e demais actos regulados neste regulamento deberán realizarse a través de medios electrónicos, nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 3 e 4 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

2. Os documentos en que se formalicen ou mediante os cales se notifiquen aos interesados os actos a que se refire este regulamento, emitidos, incluída a súa sinatura, por medios electrónicos, gozarán de plena validez e eficacia, sempre que neles quede garantida a súa autenticidade mediante a impresión dos datos que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con suxeición ao disposto na normativa vixente.

## CAPÍTULO II

### **Circuíto financeiro da Tesouraría Xeral da Seguridade Social**

#### *Artigo 5. Transferencias e ingresos do Estado.*

As transferencias e ingresos do Estado á Seguridade Social ou dos demais entes públicos cuxa xestión de ingresos e pagamentos se atribúa á Tesouraría Xeral da Seguridade Social efectuaranse á conta aberta a nome desta no Banco de España ou ás contas das entidades financeiras que determine o dito servizo común da Seguridade Social, o que se indicará con carácter xeral ou particular aos obrigados ao pagamento.

#### *Artigo 6. Ingreso das cotas da Seguridade Social e outras de recadación conxunta.*

1. Os ingresos das cotas da Seguridade Social, así como das demais cotas de recadación conxunta con aquelas e, se é o caso, das recargas e xuros sobre unhas e



outras, serán realizados polos obrigados ao pagamento en calquera das entidades financeiras, así como nas súas agrupacións ou asociacións, que fosen autorizadas polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social para actuar como colaboradoras da xestión recadatoria da Seguridade Social, nos termos previstos no artigo 27.

2. As autorizacións, habilitacións e concertos para seren colaboradores da xestión recadatoria da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, así como o cesamento na dita condición, serán obxecto de publicidade mediante a súa inclusión no rexistro a que se refire o artigo 29 e a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», o que producirá efectos desde o día primeiro do mes seguinte ao da dita publicación.

#### Artigo 7. *Actuación das entidades financeiras en relación cos ingresos por cotas.*

1. Os ingresos a que se refire o artigo 6.1 aboaranos as entidades financeiras, así como as agrupacións ou asociacións das ditas entidades que as recadasen, na conta única da Tesouraría Xeral aberta na respectiva entidade financeira colaboradora ou na entidade financeira que actúe como representante.

2. O primeiro día hábil do mes seguinte a aquel en que se ingresasen as cotizacións, e sen que en ningún caso se poida superar o quinto día natural do dito mes, as entidades financeiras colaboradoras deberán comunicar aos servizos centrais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social o importe total do recadado no mes anterior.

Nese mesmo prazo as entidades financeiras colaboradoras practicarán na conta única a anotación en extracto do aboamento da súa recadación, con data valor do último día hábil do mes anterior.

3. Dentro dos tres primeiros días hábiles do mes seguinte a aquel en que se ingresasen as cotizacións, e sen que en ningún caso se poida superar o sétimo día natural do dito mes, as entidades financeiras, así como as súas agrupacións ou asociacións, deberán remitir á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a documentación recadatoria relativa ás cotizacións do mes anterior, ordenada na forma e demais condicións que establezan as normas de desenvolvemento deste regulamento.

4. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá dispoñer, ata a súa anotación na conta, do importe do recadado por cada entidade financeira para realizar o pagamento das obrigacións do sistema.

#### Artigo 8. *Modificacións nos aboamentos na conta.*

1. Recibida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social a comunicación dos ingresos a que se refire o artigo 6.1, calquera modificación, en máis ou en menos, que resulte respecto dos aboamentos a que se refire o artigo precedente efectuaráase mediante unha única comunicación cada entidade financeira colaboradora e con indicación da provincia ou provincias afectadas, cursada aos servizos centrais da Tesouraría Xeral nos prazos que se establezan.

2. A reiteración de regularizacións coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá dar lugar á adopción das medidas previstas nos artigos 12.2 e 27.4.

#### Artigo 9. *Ingreso doutros recursos da Seguridade Social e apertura de contas restrinxidas de ingresos.*

1. Os ingresos de recursos do sistema da Seguridade Social distintos dos indicados nos artigos anteriores deste capítulo, cuxa xestión se atribúe á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, xa se trate de ingresos de dereito público ou de ingresos de dereito privado, efectuaranse conforme o especialmente disposto respecto do recurso obxecto de ingreso, e aboaranse, con carácter xeral, na conta única centralizada de recursos diversos aberta a nome da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na entidade financeira colaboradora en que se encontre situada a dita conta e que se indicará aos obrigados ao pagamento.

Os aboamentos destes outros recursos da Seguridade Social na conta única centralizada de recursos diversos deberán efectuarse con valor do día do ingreso na entidade financeira colaboradora.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social, para unha mellor xestión da súa tesouraría e dos procedementos recadatorios, poderá abrir contas restrinxidas en calquera entidade financeira colaboradora para o ingreso de recursos específicos, nos termos establecidos no artigo seguinte.

Artigo 10. *Apertura de contas correntes.*

1. A apertura de contas correntes distintas ás contas abertas no Banco de España e ás contas únicas abertas nas entidades financeiras colaboradoras que resulten necesarias para a xestión recadatoria e de pagamentos, así como para a xestión de tesouraría, tanto no ámbito dos servizos centrais como no das direccións provinciais das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, deberá ser autorizada polo director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A solicitude de autorización deberá resolverse nun prazo de tres meses, a partir da data en que aquela tivese entrada na Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase resolución ao respecto, a solicitude entenderase desestimada.

2. Una vez autorizada a súa apertura, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou a entidade xestora da Seguridade Social interesada iniciará o expediente de contratación para adxudicar a nova conta corrente, con suxeición ao disposto na normativa reguladora dos contratos do sector público, que se poderá tramitar mediante procedemento de licitación con negociación cun mínimo de tres ofertas e sen necesidade de exixir prestación de garantía definitiva.

Os contratos de adxudicación destas contas correntes conterán entre as súas cláusulas, necesariamente, a exclusión da facultade de compensación e o beneficio de inembargabilidade dos fondos da Seguridade Social. Neles fixaranse, así mesmo, a súa data de efectos e o prazo de duración do contrato, que non poderá ser superior ao máximo legal establecido, incluídas as súas posibles prórrogas.

A autorización de apertura da conta caducará se, transcorridos seis meses desde a súa emisión, non se adxudicase o contrato.

3. A cancelación das contas correntes a que se refire este artigo deberá ser autorizada polo director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Así mesmo, a Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá solicitar do órgano administrativo xestor da conta ou das entidades financeiras adxudicatarias cantos datos considere necesarios para comprobar o cumprimento das condicións de adxudicación ou dos motivos polos cales se autorizou a apertura das contas a que se refire este artigo.

De non subsistiren as razóns que motivaron a súa autorización ou de non se cumpriren as condicións impostas para o seu uso, a Tesouraría Xeral poderá ordenar a cancelación ou paralización das contas.

4. Poderanse abrir as contas correntes que resulten necesarias como consecuencia da adhesión das entidades financeiras colaboradoras a determinados procedementos establecidos no ámbito da xestión recadatoria ou de pagamentos da Seguridade Social, nos termos e condicións fixados na súa regulación específica.

### CAPÍTULO III

#### **Orzamento monetario, movementos financeiros e operacións de tesouraría**

Artigo 11. *Periodicidade do orzamento monetario.*

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social elaborará anualmente o orzamento monetario, determinando mes por mes as necesidades monetarias previsibles en cada un dos meses de cada exercicio, sen prexuízo das actualizacións que procedan de acordo coa evolución dos cobramentos e pagamentos ao longo do ano.



Para a elaboración do dito orzamento, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá solicitar das entidades xestoras e demais servizos comúns da Seguridade Social, así como doutras entidades do sector público estatal cando iso resulte necesario, cantos datos, previsións e documentación sobre os cobramentos e pagamentos considere oportunos por teren incidencia no orzamento mencionado.

## Artigo 12. *Movements financeiros e operacións de tesouraría.*

1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social manterá nas entidades financeiras colaboradoras, como compensación pola súa xestión, un saldo medio por valoracións equivalente ao importe da recadación líquida obtida durante cinco días hábiles por mes de colaboración referida a cómputo anual. Para tal efecto, poderá ordenar os movementos de fondos necesarios entre as distintas entidades financeiras e as súas agrupacións ou asociacións para, en todo caso, obter a dita finalidade.

O director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá ampliar o cómputo anual a que se refire o parágrafo anterior, de concorreren circunstancias financeiras que así o aconsellen.

A porcentaxe que en cada entidade financeira colaboradora supoñerá sobre a súa recadación o saldo medio a que se refire o parágrafo primeiro deste número será igual en cada mes do período de cómputo, na medida en que a distribución entre cobramentos e pagamentos en cada unha delas así o permita. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social eliminará as desviacións que se produzan respecto á mesma porcentaxe de saldo medio calculado para o total das entidades.

2. A compensación a que se refire o número anterior poderá ser obxecto de minoración pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social cando as entidades financeiras incumpran as súas obrigacións como colaboradoras na xestión recadatoria e de pagamentos da Seguridade Social, en particular nos supostos previstos no artigo 4.2 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, e nos artigos 8.2 e 27.4 deste regulamento.

3. Sen prexuízo do establecido no número 1, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social manterá, con carácter xeral, os fondos remanentes no Banco de España ben que, co obxecto de facilitar a súa xestión, poderá contratar a centralización dos ditos fondos cunha ou varias entidades financeiras, conforme as normas de contratación no ámbito do sector público.

4. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social realizará os movementos de provisión de fondos que sexan necesarios entre as súas contas conforme unha xestión eficiente do seu circuíto financeiro.

5. Os movementos financeiros entre contas tituladas a nome da Tesouraría Xeral non xerarán, con carácter xeral, gasto ningún con cargo á Administración da Seguridade Social, coa excepción do que se estableza expresamente mediante contrato.

6. Con cargo aos fondos depositados no Banco de España ou nas entidades financeiras, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá materializar en títulos emitidos por persoas xurídicas públicas as cantidades e durante os prazos que os pagamentos previstos aconsellen, caso en que lle serán repercutibles os gastos que tales operacións comporten.

Así mesmo, co obxecto de facilitar a xestión de tesouraría, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá realizar poxas de liquidez, operacións a curto prazo de adquisición temporal de activos, depósitos a prazo e colocacións de fondos en contas tesoureiras remuneradas, nos termos e condicións xerais que estableza o titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, que deberán respectar os principios de solvencia, publicidade, concorrencia e transparencia.

As operacións de adquisición temporal de activos poderán ter por obxecto os mesmos valores que o Banco de España admita nas súas operacións de política monetaria.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá tramitar a adhesión a mercados secundarios de valores cando resulte necesario para poder utilizar os valores neles negociados nas operacións de adquisición temporal de activos.

## CAPÍTULO IV

**Ordenación de pagamentos***Sección 1.ª Ordenación de pagamentos do sistema***Artigo 13. Obrigações obxecto de pagamento.**

As normas contidas nesta sección serán de aplicación ao pagamento das obrigacións das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, así como dos organismos e entidades alleas ao sistema cuxa xestión de pagamento estea encomendada á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Para os efectos indicados no parágrafo anterior, as operacións destinadas a realizar pagamentos derivados de calquera tipo de obrigación, xa sexa como consecuencia da execución do orzamento de gastos, de devolucións de ingresos orzamentarios, da execución de anticipos de tesouraría ou de calquera outra operación non orzamentaria, tramitaranse de acordo co procedemento e os requisitos establecidos neste regulamento e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento.

**Artigo 14. Ordenadores de pagamentos.**

1. O director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social exercerá as funcións de tesoureiro xeral e de ordenador xeral de pagamentos da Seguridade Social, baixo a autoridade do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

2. Poderán tamén ordenar pagamentos, con carácter secundario, os titulares dos órganos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social expresamente habilitados para iso polo seu director xeral, con cargo ás contas que se determinen.

As funcións dos ordenadores secundarios de pagamentos a que se refire o parágrafo anterior determinaraas o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, sen prexuízo daquelas outras que poidan exercer mediante delegación de competencias ou de sinatura do ordenador xeral de pagamentos da Seguridade Social, nos termos establecidos, respectivamente, polos artigos 9 e 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Artigo 15. Funcións do ordenador xeral de pagamentos.**

Corresponde ao ordenador xeral de pagamentos:

a) Elaborar o orzamento monetario de tesouraría en que se incluírán, coa debida especificación, as previsións necesarias para atender o cumprimento das obrigacións do sistema da Seguridade Social no mes seguinte.

b) Concertar as operacións de tesouraría e de crédito que, en cada caso, sexan necesarias.

c) Dispoñer a orde en que deben executar os pagamentos as caixas pagadoras, comunicando para o efecto as instrucións necesarias para a súa aplicación.

d) Determinar os pagamentos que se deben realizar centralizadamente.

e) Ordenar as mobilizacións dos fondos necesarios para o pagamento das obrigacións cuxa xestión se atribúe á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

f) Determinar, por propia iniciativa ou por proposta da respectiva entidade xestora, os centros de xestión que poderán dispoñer dos fondos de manobra a que se refire o artigo 22, así como o seu importe en cada centro e os gastos que, ademais dos que sexan imputables ao capítulo II do orzamento de gastos, poidan atenderse con cargo aos ditos fondos.

g) Autorizar medios de pagamento específicos para facer fronte ao pagamento das obrigacións do sistema da Seguridade Social.

h) Nomear os ordenadores secundarios de pagamentos e atribuír as súas funcións.

Artigo 16. *Medios de pagamento e contas pagadoras.*

1. Os pagamentos de obrigacións pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social faranse efectivos utilizando como medios de pagamento os establecidos neste artigo e calquera outro que autorice para cada tipo de obrigación a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nos termos previstos nos números seguintes, no artigo 19 e noutras disposicións complementarias.

Os medios de pagamento que se utilicen deberán reunir os requisitos xerais exixidos pola súa lexislación específica.

2. Con carácter xeral, os pagamentos de obrigacións, incluídos os das pensións e outras prestacións económicas da Seguridade Social, realizaranse por medio de transferencias con cargo aos saldos dispoñibles nas contas da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en cada entidade financeira colaboradora e con aboamento na entidade e conta elixida polo perceptor.

3. Con carácter excepcional, utilizaranse os seguintes medios de pagamento:

a) Cando así o xustifique a tipoloxía do pagamento e con autorización expresa do director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, utilizarase o cheque nominativo nas formas previstas no artigo 112 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, cambiaria e do cheque. Non obstante, poderase efectuar o pagamento mediante cheque ao portador, cruzado e coa mención «para aboar na conta», cando non sexa fisicamente posible a inserción completa do nome, razón social ou denominación do perceptor no documento de cheque por tratarse dunha pluralidade de perceptores agrupados baixo formas tales como comunidades de bens, unións temporais de empresas, agrupacións de interese económico ou outras figuras xurídicas análogas.

b) Para aquelas operacións que pola súa especial natureza así o requiran, o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá autorizar o pagamento mediante o procedemento de cargo na conta, cursando orde previa e expresa individualizada para a utilización deste procedemento á entidade financeira correspondente.

c) O pagamento en metálico unicamente se poderá utilizar nos casos en que se realice con cargo aos fondos de manobra e polo sistema de pagamentos para xustificar a que se refiren os artigos 22 e 23, e o xiro postal cando o pagamento se efectúe con cargo aos citados fondos.

4. A realización dos pagamentos a que se refire este artigo non suporá gasto ningún para a Tesouraría Xeral da Seguridade Social nin para o perceptor daqueles.

Artigo 17. *Expedición das propostas de pagamento.*

1. Todas as propostas de pagamento que emitan as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, así como os organismos e entidades alleos ao sistema cuxa xestión de pagamento estea encomendada á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, expediranse a favor dos acredores directos, salvo nos supostos establecidos no número 2.

Para tal efecto, enténdese por acredores directos as persoas físicas ou xurídicas ou as entidades sen personalidade xurídica legalmente recoñecidas, públicas ou privadas, que executasen as prestacións derivadas dos contratos celebrados, que sexan beneficiarios de subvencións ou axudas públicas ou, en xeral, en cuxo favor se contraesen obrigacións ou existan créditos derivados de operacións non orzamentarias.

Cando o acredor directo comunique ao órgano xestor competente a cesión ou transmisión das certificacións, contas ou títulos que representen débitos das correspondentes propostas de pagamento, estas terán que ser expedidas a favor do cesionario, e deberanse indicar tamén os datos do cedente.

2. As propostas de pagamento expediranse a favor das caixas pagadoras nos supostos que a continuación se indican:

- a) No procedemento de pagamento a través do fondo de manobra.
- b) No procedemento de pagamentos para xustificar.

c) Pagamentos por relación, sempre que os perceptores finais figuren incluídos en nóminas ou documentos similares, e aqueles debidamente autorizados pola Intervención Xeral da Seguridade Social.

d) Mobilización de fondos entre contas da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

e) Aqueles outros supostos en que o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social así o autorice expresamente.

3. Nas propostas de pagamento expedidas a favor de acredores directos faranse constar, polo menos, os seguintes datos relativos ao titular do crédito:

a) Nome ou razón social.

b) Número de identificación fiscal.

c) Tipo de pagamento, forma de pagamento e caixa pagadora.

d) Identificación da conta bancaria a que ten que facerse a transferencia, se é o caso, conforme a normativa bancaria de cada momento.

Cando o acredor directo cedese o crédito, nas propostas de pagamento faranse constar o nome ou razón social e o número de identificación fiscal do cesionario e do cedente.

#### Artigo 18. *Expedición das ordes e documentos de pagamento.*

1. Os ordenadores de pagamentos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, en función das propostas de pagamento autorizadas polos órganos competentes das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, así como dos organismos e entidades alleos ao sistema cuxa xestión de pagamento estea encomendada a aquela, expedirán as ordes de pagamento correspondentes a favor de terceiros con cargo á respectiva entidade, servizo ou organismo.

2. Antes de ordenar os pagamentos, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social comprobará que os datos recollidos nas propostas de pagamento son acordes cos existentes na base de datos de terceiros, así como a existencia de embargos, retencións xudiciais, compensacións ou calquera outra incidencia que puidese afectar o pagamento.

De detectarse algunha incidencia, incorporárase ao proceso de ordenación de pagamentos co obxecto de que a resolva o respectivo ordenador de pagamentos, que poderá determinar, se é o caso, a introdución de modificacións na respectiva proposta de pagamento.

3. Unha vez efectuadas as comprobacións a que se refire o número anterior, expediranse as ordes de pagamento, determinando as propostas que teñen que ser obxecto de ordenación conforme o orzamento monetario da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e en función de criterios de xestión de tesouraría.

Aqueles propostas de pagamento que non sexan ordenadas como consecuencia dos trámites do proceso indicado no parágrafo anterior quedarán retidas ata que se efectúe a súa ordenación nun proceso posterior.

4. Todas as ordes de pagamento dirixidas ás entidades financeiras deberán ser asinadas polo respectivo ordenador de pagamentos ou persoa en quen este delegue, así como polo interventor delegado cuxa competencia orgánica ou territorial se corresponda coa daquel.

#### Artigo 19. *Materialización do pagamento.*

1. Os pagamentos realizáranse a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ben pola súa caixa central ou ben por calquera das caixas provinciais, a través das contas abertas para tal efecto en función do tipo de pagamento, da forma de pagamento, da natureza dos descontos que se incorporen e dos demais datos que figuren especificados na correspondente orde de pagamento.

2. Os pagamentos de obrigacións pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social realizaranse por medio de transferencias e, só de forma excepcional, a través de cheque nominativo e dos demais medios de pagamento a que se refire o artigo 16, nos termos nel previstos.

3. A solicitude de recepción do pagamento por transferencia formularana os acredores directos, segundo modelo normalizado, ante a propia Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou a través do centro que xestione a respectiva proposta de pagamento, e efectuarase na conta bancaria sinalada para tal efecto por aqueles.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá determinar o número máximo de contas por cada acredor directo.

O citado servizo común da Seguridade Social informará cada perceptor, a través da información facilitada pola entidade financeira correspondente ou, se é o caso, por medios electrónicos, das transferencias realizadas ao seu favor.

4. Os pagamentos mediante cheque faranse contra calquera das contas abertas a nome da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Os cheques serán nominativos con cláusula «non á orde». Non obstante, poderase efectuar o pagamento mediante cheque ao portador, cruzado e coa mención «para aboar na conta», cando non sexa fisicamente posible a inserción completa do nome, razón social ou denominación do perceptor no documento de cheque por tratarse dunha pluralidade de perceptores agrupados baixo formas tales como comunidades de bens, unións temporais de empresas, agrupacións de interese económico ou outras figuras xurídicas análogas.

A utilización de cheque como medio de pagamento poderá determinar que se requira a presenza física nas dependencias da Tesouraría Xeral da Seguridade Social do perceptor, do seu representante ou de persoa autorizada por aquel, que asinará o recibo da retirada do cheque, logo de identificación ante o funcionario que lle faga entrega deste.

5. Tamén se poderán cancelar obrigacións mediante pagamentos en formalización a conceptos do orzamento de ingresos e a conceptos de pagamentos non orzamentarios, que non producirán variacións efectivas de tesouraría.

#### Artigo 20. *Descontos e pagamentos en formalización.*

Calquera desconto que corresponda efectuar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social sobre as ordes de pagamento, como consecuencia de embargos, retencións xudiciais, compensacións de débedas ou calquera outra circunstancia que determine a súa aplicación, deducirase do seu importe para a súa aplicación aos conceptos que en cada caso corresponda.

Pagaranse en formalización aquelas ordes cuxo importe líquido sexa cero como consecuencia da aplicación de descontos por un importe igual ao íntegro da respectiva orde de pagamento.

#### Artigo 21. *Pagamentos sobre anticipos de tesouraría.*

1. Cando non exista crédito orzamentario ou sexa insuficiente e non ampliable o consignado para atender gastos cuxa urxencia requira a súa execución antes da aprobación da correspondente modificación orzamentaria, os ordenadores de pagamentos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderán estender ordes de pagamento non orzamentarias, aplicadas a unha conta de carácter debedor, sempre que o Goberno ou o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social ou, se é o caso, o ministerio competente, por petición da dirección xeral da entidade ou organismo afectado, autorizase anticipos de tesouraría para o pagamento das obrigacións causantes de tales gastos.

A contía dos anticipos de tesouraría non poderá superar o 1 por cento do orzamento de gastos en vigor da entidade ou organismo solicitante.

2. A petición de anticipos de tesouraría implicará a iniciación inmediata do correspondente expediente de modificación orzamentaria para a cancelación da operación de anticipo con cargo aos créditos correspondentes.

#### Artigo 22. *Pagamento con cargo ao fondo de manobra.*

1. Aqueles centros de xestión das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social que determine o ordenador xeral de pagamentos, por propia iniciativa ou por proposta da respectiva entidade xestora ou servizo común, poderán dispoñer dun fondo de manobra.



Para tal efecto, enténdese por fondo de manobra a provisión de fondos de carácter extraorxamentario e permanente que se realice a favor de cada centro de xestión da Seguridade Social, nunha conta corrente específica aberta para o efecto nunha entidade financeira, para a atención inmediata e posterior aplicación contable dos gastos incluídos no capítulo II, «Gastos correntes en bens e servizos», do orzamento de gastos do orzamento da Seguridade Social, así como daqueles outros gastos ou, se é o caso, pagamentos por operacións extraorxamentarias, que determine o ordenador xeral de pagamentos, por propia iniciativa ou por proposta da correspondente entidade xestora ou servizo común.

2. Para a dotación inicial dos fondos de manobra ou a súa ampliación, os ordenadores de pagamentos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social expedirán ordes de pagamento extraorxamentarias.

3. A contía global dos fondos de manobra asignados a todos os centros de xestión pertencentes á mesma entidade xestora ou servizo común non poderá exceder o 3 por cento do total dos créditos do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos do orzamento vixente en cada momento na respectiva entidade xestora ou servizo común. Non obstante, o titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, por proposta do ordenador xeral de pagamentos, poderá modificar esa porcentaxe por razóns fundadas ou para situacións imprevistas, ata o límite do 7 por cento do total dos ditos créditos.

4. Con cargo ao fondo de manobra non se poderán realizar pagamentos individualizados superiores a 12.020,24 euros, agás os destinados a gastos de teléfono, enerxía eléctrica, combustibles, indemnizacións por razón do servizo, comunicacións postais e aqueles outros gastos que, en supostos excepcionais, autorice expresamente o ordenador xeral de pagamentos.

5. Con independencia da súa adscrición aos diversos centros de xestión do sistema, en todo caso, os fondos de manobra formarán parte integrante dos fondos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sen que os pagamentos que se realicen con cargo a eles poidan superar o límite de dispoñibilidade da respectiva conta.

6. As unidades administrativas responsables dos fondos de manobra renderán contas xustificativas dos gastos atendidos a medida que as súas necesidades de tesouraría aconsellen a reposición dos fondos utilizados e, necesariamente, no mes de decembro de cada ano.

A estrutura das contas xustificativas e a contabilidade das operacións que se realicen con cargo ao fondo de manobra axustaranse ás normas que estableza a Intervención Xeral da Seguridade Social.

#### Artigo 23. *Pagamentos para xustificar.*

1. Poderanse tramitar propostas de pagamentos orzamentarios e expedir fondos co carácter de para xustificar nos supostos previstos no artigo 79.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a través dunha conta corrente específica aberta nunha entidade financeira.

Tamén se poderán expedir ordes de pagamento para xustificar nos casos de tramitación de emerxencia a que se refire o artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

2. Só se poderán tramitar a través do sistema de pagamentos para xustificar aqueles gastos expresamente autorizados, mediante resolución conxunta, polas entidades xestoras da Seguridade Social, pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, pola Xerencia de Informática da Seguridade Social e pola Intervención Xeral da Seguridade Social. A dita resolución deberá concretar o procedemento que se debe seguir para a súa tramitación.



3. Con cargo aos libramentos efectuados para xustificar, os cales terán, en todo caso, o carácter de fondos públicos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, unicamente poderán satisfacerse obrigacións correspondentes ao mesmo exercicio.

4. As unidades administrativas responsables da tramitación dos pagamentos para xustificar renderán conta xustificativa por cada libramento de fondos recibidos co carácter de para xustificar.

A estrutura das contas xustificativas e a contabilidade das operacións que se realicen mediante o sistema de pagamentos para xustificar axustaranse ás normas que estableza a Intervención Xeral da Seguridade Social.

### *Sección 2.ª Especialidades de determinados pagamentos*

#### *Artigo 24. Pagamento de prestacións da Seguridade Social.*

1. O Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social ditará regras especiais para o pagamento das prestacións económicas do sistema da Seguridade Social.

2. En todo caso, unha vez efectuado o seu primeiro pagamento, os importes dos sucesivos pagamentos mensuais das pensións e demais prestacións de pagamento ordinario periódico deberán figurar na conta dos perceptores ou á disposición do beneficiario na entidade financeira colaboradora o primeiro día hábil do mes en que se realice o pagamento e, como máximo, o cuarto día natural do dito mes.

As entidades financeiras colaboradoras realizarán o cargo na conta única centralizada que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social teña aberta en cada unha delas, polo importe a que ascenden as pensións e demais prestacións de pagamento ordinario periódico, con data valor do primeiro día hábil do mes en que se realice o pagamento e, en todo caso, ata o cuarto día natural do dito mes, tal como se especifique na orde de pagamento que se curse ao respecto.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social efectuará o pagamento dos importes líquidos da nómina de primeiros pagamentos e da nómina mensual emitindo, logo de certificación da entidade xestora correspondente, os documentos contables extraorxamentarios previstos para o efecto, para situar o importe líquido da nómina nas entidades financeiras colaboradoras co fin do seu aboamento aos interesados. Posteriormente, a referida entidade xestora expedirá os documentos contables de imputación orzamentaria establecidos ao respecto.

Non será necesario realizar o trámite a que se refire o parágrafo anterior respecto a aquelas prestacións que, pola súa natureza e tramitación, se poidan facer efectivas directamente mediante os documentos de imputación orzamentaria que correspondan.

4. Os pagamentos de prestacións en territorio nacional non xerarán gasto ningún para o beneficiario, a quen se lle garante o principio de libre elección da entidade pagadora entre as figuradas no Rexistro de Colaboradores a que se refire o artigo 29.

As condicións particulares dos pagamentos de prestacións a residentes fóra do territorio nacional rexeranse polo disposto nas normas de desenvolvemento deste regulamento.

#### *Artigo 25. Aboamentos ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e a entidades titulares de ingresos efectuados na Tesouraría Xeral.*

1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social aboará ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social o importe das cotas recadadas por continxencias comúns e profesionais e por cesamento de actividade que a cada unha lle corresponda, logo de dedución das cantidades que procedan polas achegas e recursos que aquelas deban satisfacer ao sistema da Seguridade Social.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de acordo co programa de pagamentos establecido, librará os fondos que resulten a favor das entidades ou organismos por cuxa conta aquela efectuase cobramentos, unha vez deducidos, se é o caso, os gastos de xestión que se establecesen.

*Artigo 26. Regularización financeira de determinados pagamentos.*

Os pagamentos que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social deba efectuar a outros organismos e administracións públicas poderán ser retidos en caso de que aqueles incumprisen as súas obrigacións de pagamento coa Seguridade Social nos prazos e condicións establecidos legalmente. Os ditos pagamentos serán obxecto de regularización mediante resolución do citado servizo común da Seguridade Social.

## CAPÍTULO V

### **Relación coas entidades financeiras, Rexistro de Colaboradores e protección de datos**

*Artigo 27. Colaboración na xestión financeira.*

1. As entidades financeiras e as súas agrupacións ou asociacións, debidamente rexistradas no Banco de España, poderán colaborar na xestión recadatoria dos recursos de dereito público da Seguridade Social e no cobramento dos seus recursos de dereito privado, así como no pagamento das obrigacións do sistema da Seguridade Social, unha vez que sexan autorizadas polo secretario de Estado da Seguridade Social conforme o establecido neste artigo e nos artigos 3 e 4 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, así como nas súas respectivas normas de desenvolvemento.

2. As entidades, agrupacións e asociacións a que se refire o número anterior que soliciten autorización para actuar como colaboradoras achegarán, xunto coa súa solicitude, unha declaración expresa de estar en disposición de prestar a colaboración nas condicións establecidas pola normativa vixente, así como unha relación de todas as súas oficinas, o seu domicilio e a súa clave bancaria.

Para valorar axeitadamente a conveniencia de conceder a autorización solicitada teranse en conta, entre outros factores, a solvencia da entidade, agrupación ou asociación, a súa implantación territorial e a súa posible contribución ao servizo de colaboración na xestión financeira. Para tal fin, poderanse solicitar os informes que se consideren oportunos.

3. A resolución da solicitude de colaboración na xestión de ingresos e pagamentos da Seguridade Social ditarase no prazo e cos efectos sinalados polo artigo 4.1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e, de autorizar aquela, determinará a forma e as condicións de prestación do servizo que, atendendo ás peculiaridades de cada entidade, agrupación ou asociación, poderá exercerse mediante a apertura dunha conta única centralizada ou a través dunha entidade representante.

As relacións da Tesouraría Xeral da Seguridade Social coas entidades financeiras e coas súas agrupacións ou asociacións autorizadas a colaborar, polas operacións financeiras relativas á conta única centralizada en cada unha delas ou efectuadas a través dunha entidade representante, manteranse a través da oficina de relación que cada entidade, agrupación ou asociación designe de conformidade coa Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Así mesmo, indicaranse a persoa ou as persoas de contacto que se relacionarán co dito servizo común da Seguridade Social.

A entidade, agrupación ou asociación autorizada a colaborar deberá comunicar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social toda variación relevante referente a altas e baixas na operatividade das súas oficinas; tamén comunicará os cambios de denominación a que se vexa sometida, para os efectos da validación, se é o caso, da autorización concedida.

4. A autorización concedida para colaborar na xestión recadatoria e na de pagamentos poderá ser restrinxida, suspendida ou revogada polo secretario de Estado da Seguridade Social, ademais de polas circunstancias sinaladas no artigo 4.2 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e no artigo 8.2 deste regulamento, cando as entidades financeiras ou as súas agrupacións ou asociacións

incumpran as normas reguladoras da xestión de pagamentos da Seguridade Social e, en particular, en caso de darse algunha das seguintes circunstancias:

- a) Incumprimento da obrigación, como colaboradoras, de proporcionar datos relativos aos cobramentos e pagamentos realizados a través dela no tempo e forma que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, utilizando os medios técnicos por ela establecidos.
- b) Incumprimento reiterado dos requirimentos efectuados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social en relación cos pagamentos que se deban realizar.
- c) Incumprimento do deber de colaborar na recuperación dos pagamentos que se efectuasen indebidamente.
- d) Escasa utilización da autorización, manifestada pola inexistencia ou polo escaso volume de pagamentos realizados a través da correspondente entidade financeira, agrupación ou asociación.

5. As entidades financeiras e as súas agrupacións ou asociacións interesadas en cesar na súa colaboración deberán solicitalo nos termos e cos efectos previstos no artigo 4.3 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

6. A resolución do secretario de Estado da Seguridade Social que autorice a colaboración, restrinja, suspenda ou revogue a autorización concedida ou acorde o cesamento na colaboración, ademais de notificarse á entidade financeira, agrupación ou asociación interesada, publicárase no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos desde o día primeiro do mes seguinte ao da dita publicación.

#### Artigo 28. *Procedemento de relación.*

1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social establecerá os procedementos e mecanismos necesarios para o coñecemento e control das operacións realizadas a través das entidades financeiras e das súas agrupacións ou asociacións na xestión recadatoria e de pagamentos que deriven dos ingresos dos recursos financeiros do sistema da Seguridade Social e das transferencias de fondos efectuadas, así como do pagamento das prestacións e demais obrigacións do sistema.

2. Para efectos do control e seguimento da actuación como colaboradoras das entidades financeiras e das súas agrupacións e asociacións, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá ordenar, así mesmo, a práctica de comprobacións, tanto nas oficinas destas como nas sedes do citado servizo común.

As comprobacións poderanse referir ao exame da documentación relativa a operacións concretas ou estender á actuación de colaboración das ditas entidades, agrupacións ou asociacións ou das súas oficinas durante un período determinado de tempo.

Para a práctica das comprobacións, as entidades, agrupacións ou asociacións deberán poñer á disposición dos funcionarios designados para o efecto toda a documentación que se lles solicite en relación coa súa actuación como colaboradoras e, en particular, extractos de contas correntes restrinxidas, documentos de ingreso e xustificantes de ingreso nas contas da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Así mesmo, deberán permitir o acceso aos seus rexistros informáticos respecto das operacións con terceiros realizadas na súa condición de colaboradoras.

#### Artigo 29. *Rexistro de Colaboradores da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.*

1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social levará un Rexistro de Colaboradores na xestión de ingresos e pagamentos do sistema da Seguridade Social.

2. As entidades recadoras e demais colaboradores na xestión de ingresos da Seguridade Social e as entidades pagadoras e demais colaboradores no pagamento das súas obrigacións figurarán en seccións separadas do Rexistro de Colaboradores da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. O Rexistro de Colaboradores a que se refire este artigo será público e calquera persoa interesada terá acceso a el.

Artigo 30. *Protección de datos persoais.*

1. Os datos persoais concernentes a persoas físicas identificadas ou identificables, que sexan obxecto de tratamento nos procedementos para a xestión de ingresos e pagamentos regulados neste regulamento, quedarán suxeitos ao disposto na normativa española e europea directamente aplicable sobre protección de datos persoais, sen prexuízo de que a obtención e cesión dos datos, informes ou antecedentes relativos ao exercicio das funcións encomendadas á Tesouraría Xeral da Seguridade Social se rexan polo disposto nos artigos 40.6 e 77.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, e demais disposicións de aplicación e desenvolvemento.

2. Os encargados e demais responsables dos tratamentos dos datos persoais relativos ás materias a que se refire este regulamento quedarán suxeitos ao réxime sancionador regulado na citada normativa sobre protección de datos persoais que resulte aplicable.

Cando as infraccións sancionadas conforme a dita normativa sobre protección de datos persoais sexan cometidas por persoal ao servizo da Administración da Seguridade Social ou doutras administracións públicas poderán adoptarse, así mesmo, actuacións disciplinarias conforme o previsto na citada normativa sobre protección de datos, así como nos artigos 93 e seguintes do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, no Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, aprobado polo Real decreto 33/1986, do 10 de xaneiro, e demais disposicións complementarias.

Disposición adicional primeira. *Recursos da Seguridade Social recadados por outros colaboradores na xestión recadatoria.*

Respecto dos recursos da Seguridade Social e dos entes cuxa xestión de ingresos se atribuíse á Tesouraría Xeral da Seguridade Social que sexan recadados polas administracións, entidades, órganos e axentes a que se refiren as alíneas b) e c) do artigo 3.1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e as súas normas de desenvolvemento, a autorización, a habilitación ou o concerto que permita a súa colaboración na xestión recadatoria fixará os prazos para remitir a documentación recadatoria á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, así como para transferir os ingresos correspondentes á conta aberta para tal efecto nunha entidade financeira.

Disposición adicional segunda. *Función interventora.*

O control interno das operacións de ingresos e pagamentos reguladas neste regulamento exercerao a Intervención Xeral da Seguridade Social conforme o disposto no Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se desenvolve o réxime do dito control, e nas demais disposicións que resulten de aplicación.

Disposición adicional terceira. *Transferencias de fondos ás comunidades autónomas.*

Respecto dos servizos da Seguridade Social transferidos ás comunidades autónomas e que deban seguir financiándose con fondos daquela, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social efectuará as pertinentes transferencias de fondos nos termos que estableza, de acordo coa comunidade autónoma afectada.

Disposición adicional cuarta. *Medios de pagamento das débedas coa Seguridade Social.*

Sen prexuízo dos ingresos das cotas e doutros recursos da Seguridade Social efectuados no circuíto financeiro da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nos termos regulados no capítulo II, o pagamento das débedas coa Seguridade Social realizarase por calquera dos medios previstos nos artigos 21 e seguintes do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

Disposición derradeira única. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social para ditar as disposicións de aplicación e desenvolvemento deste regulamento.